



XV CARREIRA POPULAR "MAR DE BOIRO". **13º Memorial Pepe Buceta**

Bases xerais.

Data: 01 de decembro de 2019.
Hora de inicio: 10:40 h.
Hora de finalización: 12:30 h.

XV Carreira Popular "Mar de Boiro" - 13º Memorial Pepe Buceta. IV Circuito de Carreiras Arousa Norte. VII Circuito de Carreiras da Deputación da Coruña.

Organiza: Departamento de Deportes. Concello de Boiro.
Casa da Cultura "Ramón Martínez López" (parque da Cachada).
Tfno: 981-848425/e-mail: deportes@boiro.org.
Persoa de contacto: Manuel González Lorenzo.

Patrocina: Concello de Boiro.

Distancias: Carreiras Mini e Supermini (ata sete anos): 200 metros.
Carreira curta (escolares): 2.500 metros.
Carreira longa (cat. xeral): 10.000 metros.

Inscricións: Na Web de **Emesports** (www.emesports.es)

- **Aceptaranse inscricións ata o xoves 28 de novembro ata as 23:59 h. na web de Emesports.**
- *O día da proba, só se farán modificacións ou rectificacións das inscricións.*
- *As inscricións son gratuítas para as carreiras Mini, Supermini e escolares. Para a carreira longa a inscrición será de **6 euros**.*
- *O depositario das cotas de inscrición será a empresa Emesports. Ao remate do evento, a empresa depositaria deberá ingresarlle ao Concello de Boiro a totalidade da cantidade recadada.*

Recollida de dorsais, Chips, saída, boxes e meta:

Na carpa que a organización terá na Praza de Galicia (fronte ao Concello), **a partir das 09:00 h. e ata as 10:15 h.** Aquí estarán situados tamén os boxes, avituallamento e a zona de entrega de trofeos. Ao lado da praza estarán situadas tamén a liña de saída e chegada.



Premios:

- ✓ Trofeos para os 3 primeiros clasificados en tódalas categorías, excepto para a carreira Mini e Supermini.
- ✓ Agasallo aos 3 primeiros corredores de Boiro (empadroados actualmente-comprobado pola organización) da categoría xeral, masculino e feminino.
- ✓ Agasallo aos 500 primeiros corredores da categoría xeral que se inscriban na proba.
- ✓ Medallas para todos os participantes das carreiras curta, Mini e Supermini.
- ✓ Non haberá premios económicos.

Percorrido:

Carreiras Mini e Supermini. Ata 7 anos (200 metros).

2 saídas: Mini (2012-2013-2014) e Supermini (2015 e posteriores). Saída a 200 metros da liña de meta, ao comezo da rúa peonil. O horario da saída será ás **10:40 h.** Os pais poden correr cos cativos da proba Supermini, pero farano ao final do pelotón, para non entorpecer aos cativos máis rápidos. Deste xeito, os inscritos na carreira longa poderán correr cos fillos na carreira Supermini antes da súa proba.

Carreira curta. Escolares (2.500 metros).

Saída 5 minutos despois da categoría absoluta, na rúa Principal, fronte ó edificio do concello. Baixada pola rúa Principal ata o cruce da Avda. Constitución (despois do cruce da Avda. Compostela). Collemos a esquerda pola Avda. Constitución, pasamos a rotonda do cruce ca Avda. Compostela e seguimos subindo toda a Avda. Constitución, pasando os semáforos e chegando á rotonda do cruce de Abanqueiro. Volta á rotonda, subida ata a rúa Estatuto de Galicia e baixada todo recto ata entrar na meta na rúa peonil, na parte de atrás do edificio do concello. A saída será ás **11:05 h.**

Carreira longa. Categoría xeral (10.000 metros).

Saída na rúa Principal, fronte ao edificio do concello. Baixada pola rúa principal ata o cruce da Avda. Constitución (despois do cruce da Avda. Compostela). Collemos á esquerda pola Avda. Constitución ata a rotonda da Avda. Compostela, torcendo á dereita en dirección a Praia Xardín. Ao final da Avda. Compostela torcemos á esquerda, entrando no paseo marítimo. Percorrido por todo o paseo marítimo ata o final do mesmo, no Salتيño. Sáese á Avda. Barraña e a 50 metros xa se colle o cruce á esquerda para subir pola Pedra da Bouza ata a Rotonda da Sestelo. Séguese pola estrada ata Triñáns e ao final torcemos á esquerda en dirección a Abanqueiro. O percorrido polas estreitas rúas de Triñáns lévanos ata a rotonda do cruce que vai para a praia de Mañóns, torcendo a dereita e dirixíndonos ata esta praia. De Mañóns seguimos a estrada ata o cruce preto da Charca de Abanqueiro. Ao final da Charca, collemos á esquerda para subir toda a recta do campo de fútbol de Abanqueiro ata chegar a Exipto, continuando recto pola estrada que pasa por Brión e, ao pasar San, torcemos á dereita en dirección á Boliña, ata chegar ao cruce ca Avda. Constitución. Aquí collemos á dereita en dirección á rotonda de Espiñeira, onde se fará un cambio de sentido (sen chegar a bordear a rotonda) para volver a baixar pola Avda. Constitución, torcemos á dereita no primeiro cruce para baixar pola rúa Estatuto de Galicia (onde está o Mercadona) todo recto ata entrar na meta na rúa peonil, na parte de atrás do edificio do concello. A saída será ás **11:00 h.**



Regulamento categoría xeral.

1. O Departamento de Deportes do Concello de Boiro será o organizador da **XV Carreira Popular "Mar de Boiro" – 13º. Memorial Pepe Buceta**. A proba está incluída no Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e nos seguintes circuitos:
 - VII Circuito Provincial de Carreiras Populares, promovido pola Deputación da Coruña.
 - Circuito de Carreiras Populares Arousa Norte, promovido e organizado polos concellos que forman parte da Mancomunidade Arousa Norte: Boiro, Rianxo, A Pobra do Caramiñal e Riveira.
2. O Concello de Boiro, a comisión organizadora e os seus colaboradores non se fan responsables dos posibles danos morais, físicos ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas lles ocasionen os participantes nesta proba deportiva, nin outros que con motivo da competición poidan corresponder ante o seguro deportivo ou outra mutualidade.
3. Tódolos participantes, polo feito de toma-la saída, aceptan as presentes bases e regulamento que, en caso de dúbida, decidirá o comité organizador.
4. O descoñecemento destas bases e do regulamento non exime do seu cumprimento.
5. As bases desta carreira complementaranse coas bases de participación no Circuito de Carreiras Populares de Arousa Norte (4 carreiras 1 Meta).
6. Os atletas participarán cos dorsais tal e como son asignados pola organización, estando prohibido cortalo ou dobralo, debendo quedar ben visible o número e a publicidade.
7. Utilizarase o **CHIP** da empresa "Emesports" como xeito de **CRONOMETRAXE ELECTRÓNICO**. Este chip entregaráselle ao corredor, xunto co dorsal, ata 45 minutos antes do comezo da proba. A retirada de dorsais e chips realizarase na Praza de Galicia, diante do concello de Boiro, antes do inicio da proba. O dorsal outorgado deberá levarse en toda a súa extensión colocado na parte anterior do corpo e de xeito visible. Todo atleta que entre na meta sen o seu dorsal será descalificado. Os participantes no Circuito de Carreiras Arousa Norte 2019 terán que recoller un dorsal novo en cada proba do circuito, incluída esta, co cal terán que competir.
8. Todo corredor que non realice o percorrido completo, que chegue á meta sen dorsal ou ao entender dos xuíces da organización cometa algunha irregularidade, será descalificado.
9. A saída será ás **11:00 h.** na rúa Principal, fronte ao Concello. A chegada será na parte de atrás do Concello, na rúa peonil.
10. Os participantes deberán situarse na saída 5 minutos antes do comezo da proba, dividindo 2 grupos: adiante, da categoría xuvenil cara adiante e, a 25 metros por atrás aproximadamente, as categorías de escolares: benxamín, alevín, infantil e cadete. Daranse dúas saídas: primeiro a categoría xeral e logo, a categoría de escolares.
11. A organización establece as seguintes categorías segundo o ano de nacemento:
 - **SUB 10 (Benxamín Masc. e Fem.): nados/das en 2010 e 2011**



- **SUB 12 (Alevín Masc. e Fem.): nados/das en 2008 e 2009**
 - **SUB 14 (Infantil Masc. e Fem.): nados/das en 2006 e 2007**
 - **SUB 16 (Cadete Masc. e Fem.): nados/das en 2004 e 2005**
 - SUB 18 (Xuvenil Masc. e Fem.): nados/das en 2002 e 2003
 - SUB 20 (Júnior Masc. e Fem.): nados/das en 2000 e 2001
 - SUB 23 (Promesa Masc. e Fem.): nados/das en 1997, 1998 e 1999

 - Sénior Homes e Mulleres: nados entre 1996 e 1985 (ambos incluídos)

 - MASTER 1 (Veteranos/as 1): homes e mulleres nados entre 1979 e 1984 (ambos incluídos)
 - MASTER 2 (Veteranos/as 2): homes e mulleres nados entre 1970 e 1978 (ambos incluídos)
 - MASTER 3 (Veteranos/as 3): homes e mulleres nados entre 1960 e 1969 (ambos incluídos)
 - MASTER 4 (Veteranos/as 4): homes e mulleres nados en 1959 e anteriores.

 - Categoría "Sapatilla Inclusiva": categoría única absoluta para persoas con diversidade funcional. Haberá trofeos para os tres primeiros clasificados, tanto masculinos como femininos. Os participantes desta categoría farán o circuito de adultos, ou sexa, a distancia de 10 kilómetros.
12. As categorías e o circuito estarán expostos na Praza de Galicia, na saída da carreira. As Carreiras Mini (nados nos anos 2012, 2013 e 2014) e Supermini (nos anos 2015 e posteriores) será para os máis cativos; a carreira curta para as categorías benxamín, alevín, infantil e cadete, sendo a carreira longa para o resto das categorías.
 13. A organización establecerá puntos de control ao longo de todo o percorrido.
 14. O percorrido estará sinalizado en cada quilómetro, así como a recta final de meta e a súa lonxitude.
 15. A organización contará coa axuda dos organismos oficiais municipais competentes que regularán o tráfico ao longo de todo o percorrido.
 16. Os corredores serán acompañados por coches da organización. Un coche oficial abrirá a carreira e un microbús irá pechando, facendo funcións de "coche escoba".
 17. O acompañamento aos corredores por xente allea á organización ou por vehículos non autorizados será motivo de descalificación.
 18. O control de chegada pecharase 45 minutos despois de que entre na meta o primeiro corredor clasificado.
 19. As inscricións realizaranse nos lugares que se indican nas bases xerais.
 20. A clasificación será absoluta e por categorías.
 21. A organización premiará cun trofeo aos tres primeiros clasificados de cada categoría e aos tres gañadores absolutos (tanto masculino coma feminino). Ademais, outorgaranse os seguintes premios:
 - Tres primeiros corredores e tres primeiras corredoras de Boiro en cruzar a liña de meta na categoría xeral (empadroados actualmente-comprobado pola organización).



- Participante con máis idade.
 - Medallas para os participantes das carreiras Mini, Supermini e curta.
22. Os trofeos non serán acumulativos, a excepción dos primeiros clasificados locais.
 23. A entrega de trofeos será ás 12:15 h. na Praza de Galicia, fronte ao Concello.
 24. Para as duchas e vestiarios poderán utilizarse as do pavillón do Complexo Deportivo da Cachada, situado ao lado da Piscina Municipal e a escasos 300 metros do lugar da saída da carreira.
 25. As reclamacións, se as houbera, faranse na carpa da organización, dirixidas ao xuíz árbitro da competición e non mais tarde de 30´ despois á publicación dos resultados oficiais.
 26. Todo o non recollido nestas bases resolverase según o establecido nos regulamentos da FGA, RFEA e IAFF neste orde para probas en ruta. De tódolos xeitos, e ante calquera circunstancia non comentada nestas bases e regulamento, a organización tomará as decisións oportunas.
 27. Polo ben de todos, rógase aos participantes, acompañantes e demais público que presencie a proba, un comportamento exemplar cara aos compañeiros, público, organización e a proba en xeral.

Regulamento categoría escolares.

1. Entrarán nesta categoría tódolos corredores nados entre os anos 2004 e 2011 (ambos incluídos), coincidindo coas categorías cadete, infantil, alevín e benxamín.
2. Estas categorías percorrera o circuíto curto, de 2.500 metros.
3. Está permitido que os pais ou adultos corran acompañando aos nenos, da parte de atrás do pelotón.
4. A proba de escolares, salvo no especificado neste regulamento, rexerese polas bases e regulamento xeral da XV Carreira Popular "Mar de Boiro", 13º Memorial Pepe Buceta.


Regulamento carreiras Mini e Supermini.

1. Entrarán nesta categoría tódolos corredores nados no ano 2012 e posteriores.
2. A carreira Mini será para os nados nos anos 2012, 2013 e 2014.
3. A carreira Supermini será para os nados nos anos 2015 e posteriores.
4. Faranse 2 saídas: primeiro a Mini e, a continuación, a Supermini.
5. Estas categorías percorrera o circuíto Mini, de 200 metros aproximadamente.
6. Está permitido que os pais ou adultos corran acompañando aos nenos máis pequenos (os da categoría Supermini), pero farano ao final do pelotón, para non entorpecer aos cativos máis rápidos.




ANEXOS.

1. Circuito adultos.






2. Circuito escolares.



3. Carreiras Mini e Supermini.





AVISO LEGAL

L.O.P.D.

Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow ,13 - 15008 A Coruña.

Todo o non reflectido no presente regulamento rexerese polas normas vixentes da FGA e RFEA.